




XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Universidade.
Equipo Orientación Específico

Avda. María Victoria Moreno 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805972, 5968, 5920, 56555
Fax: 986 805937
ee.pontevedra@edu.xunta.es



AVALIACIÓN PEDAGÓXICA PARA A TOMA DE DECISIÓNS ORIENTACIÓN ACADÉMICA

Proba para alumnado da ESO con barreiras para a participación e a aprendizaxe (NEAE)

CENTRO EDUCATIVO:

- **ALUMNO/ALUMNA:**
- **DATA e LUGAR de NACEMENTO:**
- **IDADE:**
- **NÚMERO DE IRMÁNS / LUGAR QUE OCUPAS ENTRE ELES:**
- **ENDEREZO:**
- **TELÉFONOS:**
- **ESCOLARIZACIÓN ACTUAL:**

CUESTIÓNS VARIAS

1. Un señor naceu no ano 1970 e outro señor naceu no ano 1980. ¿Cal é o **maior dos dous**? ¿Cantos **anos** ten cada un?

2. Xoán ten 14 anos. O seu irmán Luis ten 5 anos máis ca el. **Cando pasen 7 anos**, ¿cantos anos lle levará Luis?

3. Na miña clase somos 21 rapaces e rapazas. Mañá vou estar de cumpleanos e quero traer caramelos para todos. Se lle dou 5 caramelos a cada un, **¿Cantos caramelos necesito?**

4. Un tren leva 8 vagóns e en cada un viaxan 137 persoas. **¿Cantas persoas viaxan en total** no tren?

5. Meu padriño deume 25 euros e miña madriña deume 40 euros. Con todos eses cartos merquei un balón que me custou 48 euros. **¿Cantos cartos me quedarán despois de pagar?**

6. Somos tres irmáns. Tocounos no sorteo da lotería nacional a cantidade de 85.416 euros. Querémolos repartir a partes iguais, entre os tres. **¿Canto nos corresponde a cada un?**

7. Nun salón de reunións hai 7 mesas. Cada mesa ten 9 cadeiras. ¿Cantas **cadeiras hai no salón?**

8. ¿**Que pesa máis**, un quilo de palla ou un quilo de ferro?

9. ¿Cantas patas ten un **taburete** de tres pés?

10. ¿De que **cor** é o cabalo branco de Santiago?

11. **DITADO DE NÚMEROS**

12. **ORDENA DE MAIOR A MENOR OS SEGUINTE NÚMEROS**

88 - 23 - 25.180 - 90 - 235.089 - 6.200.000 - 12 - 1.001 - 11

13. **COMPLETA AS SEGUINTE IGUALDADES**

a) $465 + \dots = 855$

b) $46 - \dots = 31$

14. **REALIZA AS SEGUINTE OPERACIÓN ARITMÉTICAS**

$689 + 33 + 67 =$

$6093 \times 72 =$

$9.302 - 675 =$

$26.428 : 62 =$

15. INVENTA UN PROBLEMA A PARTIR DA SEGUINTE IGUALDADE

$$45.000 - 20.000 = 25.000$$

16. Catro ducias de ovos, ¿cantos ovos son?

17. ¿Cal é a quinta parte do número 80.000?

18. Unha tonelada, ¿cantos quilos ten?

19. Escribe os meses do ano.

20. ¿En que século estamos e **cantos anos** ten un século?

21. ¿En que continentes están os seguintes países?

→ **Colombia:**

→ **China**

→ **Nigeria:**

→ **Dinamarca:**

22. ¿Por que se lle pon cristais ás ventás?

23. ¿Por onde sae o sol?

24. Nomea os **países que teñen fronteira con España**. Representao nun mapa.

25. ¿En que Comunidade Autónoma está a provincia de **Albacete**?

26. ¿Cal é a capital da República de **Cuba**?

27. Escribe cales son as **partes dunha flor**. Fai un debuxo da mesma.

28. Pensa nas **persoas dunha familia** e intenta debuxalas da mellor maneira posible.

29. Composición escrita sobre o seguinte tema:

29. LECTURA dun texto / comprensión ...

LUGAR e DATA: , a de de

Sinatura: